



BOP

VENRES, 19 DE DECEMBRO DE 2025

N.º 290

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Anuncio

EXPOSICIÓN MATRÍCULA IAE-2025

De conformidade co establecido no artigo 3 e 4 do Real decreto 243/1995, de 17 de febreiro, polo que se dictan normas para a xestión do Imposto sobre Actividades Económicas e se regula a delegación de competencias en materia de xestión censal do dito Imposto, ponse a disposición dos interesados a matrícula **do ano 2025** correspondente as cotas municipais dos concellos que se relacionan, a fin de que os contribuíntes poidan consultar os seus datos. A matrícula estará a súa disposición nas oficinas dos concellos respectivos e nas oficinas do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación da Deputación Provincial de Lugo (sitas na Ronda da Muralla, núm 140- Pavillón 1, 27004 Lugo) durante o prazo de **QUINCE DÍAS** contados a partir da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Contra os actos de inclusión, exclusión ou alteración dos datos censais poderase interpoñer, no prazo dun mes, recurso de reposición ante a Axencia Tributaria ou reclamación económico-administrativo ante o Tribunal Administrativo Rexional, en ambos casos, a contar dende o día seguinte ao término da exposición da matrícula.

Concellos: Abadín, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballo, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, O Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Ourense, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarin, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piñón, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro, Vilalba, Xermade e Xove.

Lugo, 17 de decembro de 2025.- A deputada delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas "en funcións", M.^a del Carmen López Moreno.

R. 3549

CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 5 de decembro de 2025, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 5º bimestre do exercicio 2025, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no BOP durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 5 de decembro de 2025 ata o 5 de febreiro de 2026.

Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exigencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Barreiros, 5 de decembro de 2025.- A alcaldesa-presidenta, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 3513

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Cumprido o trámite de exposición pública anunciado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 250 do xoves, 30 de outubro de 2025, de modificación da Ordenanza Fiscal nº 11 reguladora da taxa polo servizo de recollida domiciliaria de lixo ou residuos sólidos urbáns sen que se presentase reclamación algunha, considérase definitivamente aprobada co texto que figura a continuación.

“Fundamento Legal

Artigo 1.

1. De conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e os artigos 20 a 27 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, modificada pola Lei 25/1988, establécese a taxa polo servizo de recollida domiciliaria de lixo ou residuos sólidos urbáns.

2. Polo carácter hixiénico-sanitario a recepción do servizo é obrigatoria.

Obriga de contribuír

Artigo 2

1. Feito imponible. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida domiciliaria, transporte e tratamento de lixo ou residuos sólidos urbáns de vivendas, establecementos hoteleiros e locais onde se exerzan actividades industriais, comerciais.

2. Obriga de contribuír. A obriga de contribuír nace coa prestación do servizo, por ter a condición de obrigatoria e xeral, entendéndose utilizado polos titulares de vivendas e locais existentes na zona que cubra a organización do servizo municipal.

3. Suxeito pasivo. Están obrigados ó pago da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, e as Entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que resulten beneficiadas e afectadas por dito servizo. Terán a consideración de substitutos do contribuínte, os propietarios das vivndas ou locais, que poderán repercutir, no seu caso, sobre os respectivos beneficiarios.

Base Imponible e Cota Tributaria

Artigo 3

1. A base imponible da taxa determinarase en función da natureza e destino dos inmoables.

*2. A cota tributaria determinarase por aplicación da seguinte **TARIFA ANUAL**:*

CONCEPTO	TARIFA ANUAL
A) Vivendas	70,00 euros
B) Vivendas categoría especial	93,00 euros
C) Bares e cafeterías	140,00 euros
D) Oficinas bancarias, farmacia	163,00 euros
E) Hostais, Restaurantes, Fondas	187,00 euros
F) Locais industriais, comerciais, supermercados, panaderías, almacéns	187,00 euros
G) Grandes industrias, cámping, pizarreiras, etc.	468,00 euros

Exencións ou bonificacións**Artigo 4**

Non se concederá bonificación algunha dos importes das cotas sinaladas nas Tarifas.

Deveño**Artigo 5**

1. Devéñase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza da recepción obrigatoria do mesmo, cando esté establecido e en funcionamento o servizo nos lugares onde figuren as vivendas ou locais empregados polos contribuíntes suxeitos á taxa.

2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas deveñaranse o primeiro día de cada semestre natural, salvo que o deveño da taxa tivera lugar con posterioridade a devandita data, en cuio caso a primeira cota deveñarase o primeiro día do semestre seguinte.

Administración e Cobranza**Artigo 6**

1. Todas as persoas obrigadas ao pagamento desta taxa deberán presentar, no prazo de 30 días, declaración das vivendas ou establecementos que ocupen, mediante escrito dirixido á Sra. Alcaldesa. Transcorrido o devandito prazo sen presentarse a declaración, a Administración, sen prexuízo das sancións que procedan, efectuará de oficio a alta na correspondente matrícula do tributo.

2. A inclusión no padrón realizarase de oficio, xa sexa como consecuencia da obriga tributaria formal de alta ou da actividade inspectora municipal.

3. As altas que se produzan dentro do exercicio, fornecerán efectos dende a data en que naza a obriga de contribuír. Pola Administración procederase a notificar ós suxeitos pasivos a liquidación correspondente á alta no padrón, con expresión de:

- a) Os elementos esenciais da liquidación.*
 - b) Os medios de impugnación que poidan ser exercidos, con indicación de prazos e organismos en que haberán de ser interpostos; e*
 - c) Lugar, prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria.*
- 4. O cobro das cotas efectuarase semestralmente mediante recibo derivado da matrícula.*

Artigo 7

1. Semestralmente formarase un Padrón no que figurarán os contribuíntes afectados e as cotas respectivas que se liquiden, por aplicación da presente Ordenanza, o cal será exposto ó público por quince días a efectos de reclamacións previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e por bandos e edictos na forma acostumada na localidade.

2. Transcorrido o prazo de exposición ó público, o Concello resolverá sobre as reclamacións presentadas e aprobará definitivamente o Padrón que servirá de base para os documentos cobratorios correspondentes.

Artigo 8

As cotas liquidadas e non satisfeitas dentro do período voluntario faranse efectivas pola vía de apremio, con arranxo ás normas do Regulamento Xeral de Recadación.

Infraccións e sancións**Artigo 9**

En todo o relativo á calificación de infraccións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria, conforme se ordena no artigo 11 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais.

Partidas Fallidas**Artigo 10.**

Considéranse partidas fallidas ou créditos incobrables, aquelas cotas que non puideron facerse efectivas polo procedemento de apremio, formalizándose o oportuno expediente para dita declaración, de acordo co previsto no vixente Regulamento Xeral de Recadación.

Aprobación e Vixencia**Disposición Final**

A modificación da presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2026 ata que se acorde a súa modificación ou derogación."

Folgoso do Courel, 16 de decembro de 2025.- A alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 3533

MONDOÑEDO

Anuncio

EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO E RECADACIÓN DE IMPOSTOS

En Xunta de Goberno Local de 2 de decembro de 2025 aprobouse o Padrón **da TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO DO 6º BIMESTRE DO 2025**.

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas Ordenanzas Municipais reguladoras, EXPONSE AO PÚBLICO o devandito padrón para que as persoas interesadas, no PRAZO DE QUINCE DIAS contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que a taxa obxecto deste anuncio estará ó cobro en PERIODO VOLUNTARIO na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 1 de xaneiro ao 28 de febreiro do 2026, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servicios de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento cos recargos e demais conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, 11 de decembro de 2025.- O alcalde, Manuel A. Otero Legide.

R. 3514

MURAS

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2025-0365, foi aprobado o PADRÓN SAF – XULLO 2025, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargos, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 27 de agosto de 2025.- O alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3515

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2025-0452, foi aprobado o PADRÓN SAF – AGOSTO 2025, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargos, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 8 de outubro de 2025.- O alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3516

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2025-0685, foi aprobado o PADRÓN SAF – SETEMBRO 2025, na modalidade de libre concorrência e de dependencia.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 21 de novembro de 2025.- O alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3517

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2025-0686, foi aprobado o PADRÓN SAF – OUTUBRO 2025, na modalidade de libre concorrência e de dependencia.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 26 de novembro de 2025.- O alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3518

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2025-0451, foi aprobado o PADRÓN PAI – XUÑO 2025.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 8 de outubro de 2025.- O alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3519

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2025-0450, foi aprobado o PADRÓN PAI – XULLO 2025.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 8 de outubro de 2025.- O alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3520

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2025-0501, foi aprobado o PADRÓN PAI – SETEMBRO 2025.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 17 de outubro de 2025.- O alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3521

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2025-0627, foi aprobado o PADRÓN PAI – OUTUBRO 2025.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 14 de novembro de 2025.- O alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3522

AS NOGAIS*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO DO ANO 2026**

O Pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o 14/11/2025, aprobou o orzamento xeral do Concello das Nogais para o exercicio 2025. No Boletín Oficial da Provincia núm. 268 do 21/12/2025, foi publicado o anuncio de aprobación inicial, abríndose un prazo de 15 días hábiles para a presentación de alegacións ou reclamacións, sen que se presentara ningunha, polo que, de conformidade co artigo 169 do

Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, se publica resumido por capítulos, así como o cadro de persoal:

CAPÍTULO	GASTOS		CAPÍTULO	INGRESOS	
1	Gastos de persoal	710.813,39	1	Impostos directos	202.000
2	Gastos correntes en bens e servizos	272.179,95	2	Impostos indirectos	10.000
3	Gastos financeiros	3.300	3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	144.600
4	Transferencias correntes	15.360	4	Transferencias correntes	682.661,74
5	Fondo de continxencia	0,00	5	Ingresos patrimoniais	8.000
6	Investimentos reais	45.608,40	6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00	7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0.000	9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL	1.047.261,74 €		TOTAL	1.047.261,74 €	

CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DAS NOGAIS 2026

A) Persoal funcionario:

DENOMINACIÓN	Nº DE POSTOS	Grupo	CD	XORNADA	SITUACIÓN
Secretaría-Intervención	1	A1	26	100%	Ocupada. Nomeamento definitivo
Subalterno	1	E	13	100%	Ocupada
Arquitecto/a Municipal	1	A1	22	37,33%	Vacante dotada orzamentariamente
Auxiliar administrativo	1	C2	14	100%	Vacante dotada orzamentariamente

B) Persoal laboral fixo:

DENOMINACIÓN	Nº DE POSTOS	POSTO DE TRABAJO	XORNADA	SITUACIÓN
Operario servizos múltiples	1	Servizos múltiples	100%	Ocupada
Traballador social	1	Servizos Sociais	100%	Ocupada
Operarios servizos municipais	1	Servizos múltiples	100%	Ocupada
Técnico medio	1	Axente Local de Emprego	100%	Ocupada
Auxiliar de axuda no fogar	11	Servizos Sociais	100 %	Ocupada

C) Persoal laboral temporal:

DENOMINACIÓN	Nº	POSTO DE TRABAJO	XORNADA	SITUACIÓN
Auxiliar de axuda no fogar	2	Servizos Sociais	100 %	Vacante. Cobertura temporal
Operario servizos múltiples. Programa de Reforzo do emprego	Variable en función das subvencións recibidas			
Peón de incendios				
Xefe de brigada de incendios				

A aprobación poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas nos artigos 170 e 171 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición.

As Nogais, 16 de decembro de 2025.- O alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 3534

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Nome e apelidos do/da interesado/a ou razón social	Nº expediente	Referencia catastral xeorreferenciada
Herdeiros de María Carreira López	1178/2025	2632601PH1723S0001SU e Polígono 25, parcela 354
José Manuel Rodríguez López	637/2025	3085308PH1638N0001GF
Raquel Rodríguez Fraiz	1075/2025	Polígono 30, parcela 10013

O Concello de Outeiro de Rei fai pública unha notificación relativa ao requirimento de limpeza e/ou corta aos titulares das parcelas que se indican a seguir, despois de resultar infrutuosa, por causas non imputables á esta administración, a notificación á que se refire o art. 22.2 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, e de conformidade co art. 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As persoas interesadas en coñecer o contido íntegro do acto que se notifica, poderán acudir ás oficinas municipais deste Concello en horario de 9 a 15 horas, no prazo de 15 días naturais contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial do Estado.

Así mesmo, dispoñen do mesmo prazo para cumprir as obrigas da xestión da biomasa, e/ou de ser o caso, da retirada das especies arbóreas non permitidas.

Unha vez transcorrido este último prazo, continuarán as actuacións, de conformidade co art. 22.4 da Lei 3/2007, do 9 de abril. O Concello de Outeiro de Rei notifica este acto para os efectos oportunos e sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan alegar o que consideren oportuno, no prazo de quince días desde o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial do Estado.

Outeiro de Rei, 12 de decembro de 2025.- O alcalde, D. José Pardo Lombao.

R. 3523

O PÁRAMO

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DO PÁRAMO

Benjamín García Toirán, Primeiro Tenente de Alcalde do Concello do Páramo, no exercizo por substitución das funcións de Alcaldía en virtude do disposto no artigo 23 da Lei 7/1985, expoño:

En cumprimento do disposto no artigo 16 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención y defensa contra los incendios forestais de Galicia, con data de 10 de decembro de 2025, mediante decreto de Alcaldía aprobouse inicialmente o plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do concello do Páramo.

Co gallo de facilitar a participación pública na formulación do citado plan, sométese a información pública durante un prazo de un mes a contares dende a presente publicación.

O proxecto de plan está á disposición do público no Portal de Transparencia do Concello do Páramo, accesible en:

<https://concellodeparamo.sedelectronica.gal/transparency/0499bc87-b960-42ea-ac75-c434e04671c1/>

E para que así conste, asina o presente dixitalmente; o Primeiro Tenente de Alcalde.

O Páramo, 10 de decembro de 2025.- O primeiro tenente de alcalde, Benjamín García Toirán.

R. 3524

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

RESOLUCION DE DATA 12.12.2025

JOSE LUIS MACEDA VILARIÑO, Alcalde-Presidente do Concello de A Pobra do Brollón,

DECRETO.- No uso das facultades que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Vistas as bases reguladoras do proceso de selección para a cobertura de 1 praza de Educador/a Familiar para o Concello de A Pobra do Brollón (persoal laboral fixo), aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29.09.2025.

Visto que se publicou o anuncio da convocatoria no BOP de Lugo Núm. 244, do xoves, 23 de outubro de 2025, así como unha corrección dun erro na cláusula VI do anexo I que acompaña ás bases no BOP Núm. 249, do mércores, 29 de outubro de 2025. Unha vez que rematou o prazo de presentación de solicitudes, e vista a documentación aportada polos/as aspirantes.

Visto o contido da base quinta que rexe a convocatoria, relativa á admisión de aspirantes e ó abeiro do art. 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar a lista PROVISIONAL de aspirantes admitidos/as e excluídos/as para a cobertura mediante concurso-oposición de 1 praza de Educador/a Familiar.

ADMITIDOS/AS:

APELIDOS E NOME	DNI
A.F.E.	***6423**
N.L.E.	***7676**
M.C.C.	***7157**
P.Y.D.	***9883**

EXCLUÍDOS/AS:

APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO EXCLUSIÓN
B.R.E.	***7417**	– Copia dni sen compulsar – Título académico sen compulsar
G.E.M.	***8207**	– Documentación presentada mediante fotografías. – Foto título académico por unha única cara do documento – Foto carné de conducir por unha única cara do documento
L.T.V.	***2507**	– Solicitud de participación sen asinar – Título académico sen compulsar e presentado mediante foto – Copia dni sen compulsar – Pago extemporáneo da taxa

SEGUNDO.- A teor do disposto na cláusula 5ª das bases reguladoras do proceso de selección, os/as aspirantes disporán dun prazo improrrogable de dez (10) días hábiles dende o día seguinte á publicación deste anuncio para emendas.

TERCEIRO.- Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia e na Sede electrónica do Concello (<https://concelloapobradobrollon.sedelectronica.es/info.0:>).

A Pobra do Brollón, 12 de decembro de 2025.- O alcalde-presidente, José Luis Maceda Vilariño.

R. 3525

POL

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía, de data 10 de decembro de 2025, procedeuse á aprobación do Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de novembro de 2025, que se expón ao público polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar contra os mesmos as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos, ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Pol, 10 de decembro de 2025.- O alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 3526